

ACTA DA PROBA DO COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE MONITOR/A DEPORTIVO/A DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

Nas dependencias da Casa Consistorial do Concello, sito en Avenida de Cambados, 67 – O Mosteiro (Meis), sendo as 09:00 horas do día 7 de maio de 2025, reúnense os membros do tribunal cualificador para a realización da proba de coñecemento do idioma galego, no marco do proceso selectivo para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de monitor/a deportivo/a do Concello de Meis, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0175, de data 27 de marzo de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 67, do martes 8 de abril de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dña. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: D. Daniel Rubio Pérez, Arquitecto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, dáse conta que de conformidade coas bases que rexen a convocatoria, os aspirantes deben acreditar estar en posesión do título CELGA 3 ou equivalente. No caso de que non se posúa este título realizarase un exame de galego que será cualificado como “apto” ou “non apto”, sendo necesario acadar a cualificación de “apto” para terse por cumprido este requisito.

A estes efectos, compróbase que os aspirantes GIRALDEZ BERMUDEZ SARA con D.N.I. número **4589*** e GÜIMIL CABEZAS JUAN con D.N.I. número **4653*** non acreditan na documentación que achegan na solicitude o coñecemento do galego (CELGA 3 ou título equivalente).

O Tribunal, por unanimidade dos seus integrantes, con carácter previo á realización da proba, acorda realizar unha exercicio único consistente na tradución dun texto do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos, considerando apta a proba de galego cando o candidato non supere o máximo de erros permitidos que se fixa en dez (10).

De seguido, se procede ao chamamento dos aspirantes para a realización da proba, segundo as bases da convocatoria. Infórmase *in voce* aos aspirantes sobre o contido da





mesma.

Realizada a proba sobre o coñecemento do idioma galego, o resultado da mesma é o seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	APTO/NON APTO
1	GIRALDEZ BERMUDEZ SARA	**4589***	APTO
2	GÜIMIL CABEZAS JUAN	**4653***	APTO

Sendo as 10:00 horas, dáse por rematado o acto. E para que así conste e aos efectos oportunos, como Secretario do Tribunal, estendo a presente acta, asinándoa dixitalmente todos os presentes en proba de conformidade.

O TRIBUNAL

